

## Se o mes fill@ é vítima de maltrato...

Se temos a convicción fundada de que o noso fillo/a é vítima de malos tratos, debemos:

- Actuar con rapidez, para que o seu sufrimento non se prolongue.
- Apoialo e darlle compañía e seguridade de forma incondicional.
- Reforzar a súa autoestima eloxiando as súas capacidades persoais.
- Expresarlle a nosa confianza nel e na solución do problema.
- Solicitalle que nos conte o que lle está pasando e asegurarlle que sempre imos contar con el, que lle imos consultar, antes de emprender ningunha acción.
- Propiciar que estableza novas amizades tanto no centro escolar coma fóra del, facilitándolle actividades sociais nas que queira participar.
- Manter unha comunicación continua e fluída co profesorado do centro escolar.




- Contactar coas institucións necesarias, se non cesa o maltrato cara o noso fillo e se a resposta da escola non é suficiente.

*Debemos ter tranquilidade, escoitar e mostrar interese polo asunto, sen menosprezalo e cooperar co profesorado para darlle solución ao problema.; Nunca debemos consideralo "cousa de rapaces" e pasar do asunto.*

## Se o meu fill@ é o agresor...

- Debemos actuar con urxencia e firmeza, indicándolle con toda claridade que o maltrato no é lícito nin admisible.
- Dado que non acostuman a recoñecer a súa implicación, deberemos indagar por outros medios para esclarecer os feitos.
- Mostráremoslle a nosa disposición a axudarlle, pero deixándolle claro que, en caso de ser culpable de malos tratos, deberá asumir a súa responsabilidade. Valoraremos calquera mostra de arrepentimento que observemos.
- Haberá que axudarlle a entender cómo se pode estar sentindo a vítima e preguntarlle cómo se sentiría el ou ela se algo así lle ocorrera.



- Debemos falar coa escola con toda rapidez e mostrar sincero interese en que se averígüe a verdade e que o noso fillo asuma a súa responsabilidade.
- Proporémonos manter un contacto fluído coa escola, colaborar no tratamento conxunto do noso fillo e establecer unha relación fluída co titor ou, no seu caso, co Departamento de Orientación, que son quen están máis cerca do noso fillo.

*É importante deixar moi claro que esta clase de conduta é inaceptable e que o noso fillo debe cambiar e deixar de actuar así.*



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Maltrato  
entre iguais?  
Nin de broma!



**CEIP DE Monforte  
(Colexio Novo)**

**Emilia Casas Baamonde s/n  
27400-MONFORTE (Lugo)  
Tl. e Fax: 982 400 442**

**E-mail: [ceip.monforte@edu.xunta.es](mailto:ceip.monforte@edu.xunta.es)**

## Que é o maltrato entre iguais?

O **maltrato entre iguais** consiste en facerlle dano a un compañeiro/a de xeito repetido e intencionado. Coñécese tamén co nome de **Bullying** ou **Acoso escolar**.



Existen moitas formas de maltratar a un compañeiro/a

- Agresión física: morder, tirar dos pelos, dar patadas, empurróns, puñazos...
- Agresión verbal: insultar, poñer alcumes, burlarse, berrar...
- Actuación contra as súas cousas: agocharllas, cambiarllas de sitio, roubarllas, mancharllas, romperllas...
- Exclusión social: impedir que participe en xogos e actividades, impoñer que os demais non se relacionen con el/ela, ignorar, desprezar...
- Falar mal del/dela: inventar e transmitir rumores e trolas, murmurar, facer pintadas no encerado, nas

portas ou paredes negativas para a súa persoa.

- Obrígalo/a a que faga algo que non quere facer e que lle pode traer problemas.
- Esixirlle diñeiro ou calquera outra cousa
- Ameazalo/a verbalmente ou por escrito (con notas, mensaxes de móbiles...).



**É moi fácil distinguir o "maltrato": maltrato é todo canto se fai para que outro se sinta mal, para facerlle dano, de xeito reiterado.**

## Quen está implicado no maltrato entre iguais?

### O agresor:

O agresor é a persoa que maltrata a un ou a varios compañeiros. Pode que maltrate por ser inconsciente do dano que fai ou por divertirse, pero, normalmente, o maltratador é unha persoa que se sente insegura e que fanfurreña ou arremete para sentirse mellor con el/ela mesmo/a.



Acostuma a ser unha persoa agresiva, que non sabe poñerse no lugar dos demais, incapaz de controlar a ira e a frustración, pouco reflexivo/a, carente de sentimentos de culpa ("O outro merece ser agredido").

### A vítima:

É a persoa ofendida ou agredida. Acostuma a ser insegura, débil, introvertida, tímida e inmadura para a súa idade, con certas dificultades para facer amigos...

Con frecuencia ten algún trazo físico que o fai particular no seu grupo (gafas, obesidade, cor do pelo, perenza a algunha minoría...).



### Os observadores ou público:



Son compañeiros/as que coñecen as agresións, contéplannas, pero non fan nada ao respecto, permitindo que se sigan dando.

## Como saber se o meu fill@ é vítima de maltrato?

Estes serían algúns síntomas a ter en conta:

- Cambios no estado de ánimo: parece triste, estraño e fuxidizo, nervioso (medos nocturnos, micción na cama, tics nerviosos, irritabilidade, et.), distraído, absorto nos seus pensamentos, esquecedizo, asustadizo, et.
- Presenta mouratóns, feridas, et.
- Rexeita ir á escola, simulando enfermidades ou expoñendo outras razóns varias.
- Falta ao colexio e da explicacións pouco convincentes.
- Non ten amigos para o seu tempo de ocio.



## ...e se é o maltratador?

Algúns indicios de que o noso fill@ pode maltratar a outros:

- Mostra condutas agresivas e violentas cara membros da familia e amigos.
- É excesivamente reservado, case inaccesible, no trato persoal.
- Ten obxectos diversos que non son seus.
- Con frecuencia conta mentiras para xustificar a súa conduta.
- Parece non ter sentido de culpa cando fai dano.
- Di mentiras acerca de certas persoas, mentiras que lles poden prexudicar e causar dano.
- Outros pais nos contaron que o noso fillo agride a outros nenos.

**É habitual que tanto a vítima coma o agresor non conten o que pasa, por tanto deberemos estar moi atentos aos indicios que nos indiquen que algo estraño ocorre.**